

Unidade 4:

O sector terciario

1. Introducción. O sector terciario

O **sector terciario**, tamén chamado sector servizos, é o sector económico que **se dedica a ofrecer servizos á poboación, ás empresas e ás institucións públicas**. A diferenza do sector primario (que obtén materias primas) e do sector secundario (que transforma esas materias en produtos), o sector terciario non produce bens materiais, senón **prestacións intanxibles** que melloran a calidade de vida e facilitan o funcionamento da economía.

Nas sociedades actuais, o sector terciario é fundamental porque garante servizos básicos como **a sanidade, a educación, a seguridade, as comunicacións ou o transporte**, e tamén actividades relacionadas co **ocio, o turismo, o comercio ou as finanzas**. Ademais, é o sector que emprega a maior parte da poboación nos países desenvolvidos e o que máis contribúe ao Produto Interior Bruto (PIB).

A importancia do sector terciario aumentou nas últimas décadas debido ao crecemento das cidades, á globalización económica, ao avance das novas tecnoloxías e ao incremento do nivel de vida da poboación.

2. O sector terciario: características e clasificación

2.1. Actividades do sector terciario

No **sector terciario** inclúense **todas as actividades que proporcionan servizos destinados a satisfacer as necesidades das persoas, das empresas e doutros sectores produtivos** (primario e secundario). A diferenza destes, non produce bens materiais, senón prestacións intanxibles.

As actividades terciarias máis importantes son **o transporte, as comunicacións, o comercio, o turismo, a sanidade, a educación, a administración pública, os servizos financeiros e os servizos culturais**. Todas elas presentan varias características comúns:

- ✓ **Son actividades inmateriais**, é dicir, non xeran produtos físicos que se poidan almacenar.
- ✓ Teñen un **baixo nivel de mecanización** en comparación coa industria, aínda que cada vez

empregan máis tecnoloxías dixitais.

- ✓ **Son moi heteroxéneas**, tanto pola súa variedade como polo nivel de cualificación profesional que requiren, desde empregos pouco cualificados ata profesionais altamente especializados.

O sector terciario ten un papel fundamental nas sociedades actuais, xa que facilita a vida cotiá, apoia a actividade económica e contribúe ao benestar social.

2.2. A clasificación dos servizos

A gran diversidade de actividades do sector terciario fai que a súa clasificación sexa complexa. Debido a iso, existen distintos criterios para clasificalos:

- ✓ **Segundo quen os presta:**
 - ***Servizos públicos:*** son prestados polo Estado e polas administracións públicas (concello, Comunidade Autónoma, Estado) co diñeiro recadado a través dos impostos. O seu obxectivo principal é garantir o benestar da poboación, polo que incluímos nestes, por exemplo, a sanidade pública, a educación, a seguridade ou a xustiza.
 - ***Servizos privados:*** son xestionados por empresas privadas e financiados polos usuarios que pagan polo servizo. O seu obxectivo principal é obter beneficios económicos, como sucede cos servizos bancarios, o transporte privado ou os seguros.
- ✓ **Segundo a súa función:** os servizos poden clasificarse en comerciais, de transporte, de ocio e turismo, de información e comunicación, administrativos, financeiros, culturais, sociais, persoais, etc. Esta clasificación mostra a variedade de funcións que desempeñan na sociedade.
- ✓ **Segundo a súa especialización:**
 - ***Servizos banais:*** requiren pouca cualificación profesional, como a venda ambulante ou determinados servizos persoais.
 - ***Servizos superiores:*** esixen unha formación especializada, como a educación, a sanidade ou a administración.
 - ***Servizos avanzados ou sector cuaternario:*** requiren unha elevada especialización e coñecementos científicos ou tecnolóxicos, como a investigación científica, a informática avanzada ou a innovación tecnolóxica.

2.3. Os servizos no mundo actual

O sector terciario adquire maior importancia canto máis desenvolvida é unha sociedade.

- ✓ **Nos países desenvolvidos**, os servizos están **moi estendidos** e a maioría da poboación ten acceso aos considerados básicos, como a sanidade e a educación. Ademais, a participación dos servizos no emprego e no Produto Interior Bruto (PIB) supera o 60%. Isto débese ao aumento do nivel de vida, á extensión do Estado de benestar e á competencia entre empresas, que as obriga a incorporar numerosos servizos.
- ✓ **Nos países en vías de desenvolvemento**, os servizos **son insuficientes** e gran parte da poboación non ten acceso aos servizos básicos. O seu peso no emprego é menor e a súa achega ao PIB é baixa, debido ao predominio de servizos banais e pouco especializados. caracterizábanse por chemineas, fábricas e barrios obreiros insalubres, coñecidos como **paisaxes negras** debido á contaminación.

3. O transporte

O **transporte** é a actividade que **traslada persoas e mercadorías entre dous ou máis lugares**. É esencial para a economía e para a mobilidade da poboación, xa que permite o comercio, o turismo e as relacións entre territorios.

Segundo o modo de traslado, existen distintos sistemas de transporte: **terrestre, marítimo e aéreo**. Cada un utiliza medios específicos, como automóbiles, autobuses, camións, ferrocarrís, barcos ou avións; e infraestruturas fixas, como estradas, autovías, autoestradas, vías ferroviarias, portos e aeroportos.

3.1. As redes de transporte mundiais

As infraestruturas de transporte forman **redes no espazo xeográfico**, compostas por:


- ✓ **Nodos**: lugares de saída e chegada de persoas e mercadorías (ciudades, portos, aeroportos).
- ✓ **Eixes**: liñas que conectan os nodos (estradas, ferrocarrís, rutas marítimas e aéreas).

Os países desenvolvidos contan con redes de transporte abundantes, densas e ben acondicionadas. Os principais nodos son as grandes cidades e capitais, onde se concentran os aeroportos máis importantes (Atlanta, Chicago, Tokio, Londres...) e os maiores portos (Rotterdam,

Kobe, Nova York...). Tamén destacan os puntos estratéxicos da navegación mundial, como os estreitos de Malaca, Ormuz ou Xibraltar, e as canles de Suez e Panamá.

Na actualidade, melloráronse os transportes mediante novos combustibles alternativos, o aumento da capacidade de carga, a modernización das infraestruturas, a intermodalidade (combinación de distintos modos de transporte) e o uso de sistemas intelixentes de seguimento en tempo real.

Os países menos desenvolvidos presentan redes escasas, pouco densas e mal acondicionadas, o que dificulta o desenvolvemento económico. Tamén as rexións moi pouco poboadas (Siberia, o Ártico, desertos, estepas ou selvas) teñen redes moi limitadas ou inexistentes, polo que son zonas de difícil acceso, aínda que algunhas destas zonas pertencen a países desenvolvidos.



3.2. Os sistemas de transporte

En liñas xerais, os transportes poden ser terrestres, marítimos ou aéreos, todos eles con una serie de particularidades:

- ✓ **Transportes terrestre:** é o máis utilizado no mundo, e nel se inclúen dúas grandes redes, a de estradas e a de ferrocarrís.
- **Transporte por estrada:** emprégase para pasaxeiros e mercadorías, e é o máis usado para distancias curtas e medias. As súas vantaxes son o acceso directo entre orixe e destino e a flexibilidade horaria. Entre os inconvenientes destacan a menor capacidade de carga, os riscos de accidentes, a saturación do tráfico e a contaminación atmosférica.

- **Transporte por ferrocarril:** emprégase para pasaxeiros e mercadorías en distancias curtas e medias. As súas vantaxes son a elevada capacidade de carga, a seguridade, a rapidez e a menor contaminación se está electrificado. Os inconvenientes son o alto custo de construción e a rixidez do trazado. Actualmente está en recuperación grazas aos trens de alta velocidade, aos trens de proximidade (rexionais, cercanías...) e ao uso de contedores para mercadorías.
- ✓ **Transporte marítimo:** utilízase principalmente para o transporte de mercadorías pesadas e voluminosas a longas distancias. As súas vantaxes son o baixo custo e a gran capacidade de carga; os inconvenientes, a lentitude e o risco de contaminación mariña. Nas últimas décadas, para afrontar o crecemento deste transporte, os portos modernizáronse con terminais especializadas e sistemas de contedores. En canto ao transporte marítimo de pasaxeiros, este concéntrase en cruceiros e transbordadores.
- ✓ **Transporte aéreo:** utilízase para pasaxeiros a longa distancia e mercadorías de alto valor ou perecedoiras. É rápido e seguro, pero tamén caro e contaminante. O seu desenvolvemento está ligado ás compañías de baixo custo, aos voos chárter e á expansión dos aeroportos coa construción de novas infraestruturas.

4. O turismo

O **turismo** é o **desprazamento temporal de persoas (entre 24 horas e un ano) fóra do seu lugar de residencia, principalmente con fins de ocio**, aínda que tamén pode ser por motivos culturais, relixiosos ou profesionais.

4.1. As modalidades e áreas turísticas

O turismo diversificouse nas últimas décadas debido ao aumento do nivel de vida, á mellora dos transportes e á extensión do tempo libre. Entre as principais **modalidades** destacan:

- ✓ **Turismo de sol e praia**, practicado nas zonas litorais con clima suave e boa oferta de servizos turísticos.
- ✓ **Turismo náutico e de balneario**, baseado nos deportes acuáticos e nos centros termiais de saúde e benestar.
- ✓ **Turismo de montaña e de aventura**, que inclúe actividades como o esquí, o sendeirismo, o

alpinismo ou o barranquismo.

- ✓ **Turismo rural e de natureza**, desenvolvido en espazos rurais e protexidos, relacionado co ecoturismo e co contacto coa vida tradicional.
- ✓ **Turismo cultural**, centrado nas visitas a cidades históricas, monumentos, museos e eventos culturais.
- ✓ **Turismo de negocios, congresos e convencións**, ligado ás grandes cidades e ás boas comunicacións.
- ✓ **Turismo relixioso**, con peregrinacións a lugares sagrados como Roma, Santiago de Compostela, Xerusalén ou A Meca.
- ✓ Ademais, ultimamente están a xurdir novas modalidades como o **turismo deportivo, gastronómico ou de saúde**.

En canto ás **áreas turísticas**, hai que destacar aos **países de Europa e aos Estados Unidos** como principais áreas emisoras e receptoras de turismo mundial, debido ao seu alto nivel de vida, ás boas comunicacións e á diversidade de recursos turísticos. En Europa destacan o litoral mediterráneo, os Alpes e as grandes cidades históricas como París, Londres, Roma ou Barcelona. Nos Estados Unidos o turismo concéntrase nas costas de California e Florida e en grandes cidades como Nova York ou San Francisco.

Potencias turísticas

Países máis visitados en millones de turistas (2018)




Gráfico:
Abel Gil Lobo (2020)
Fuentes:
Banco Mundial (2019)

Outros destinos turísticos importantes son México e o Caribe, polos seus climas tropicais; os países do leste de Europa, polos seus prezos competitivos; China, India ou Thailandia polos seus atractivos culturais; Exipto, Marrocos e Tunisia pola súa proximidade a Europa e o seu patrimonio; e algúns países africanos polo turismo de safari.

Os países menos desenvolvidos teñen menor peso no turismo internacional debido á falta de infraestruturas, á inseguridade ou á inestabilidade política, aínda que o turismo pode ser unha importante fonte de ingresos para o seu desenvolvemento económico.

4.2. Os efectos do turismo e as novas políticas turísticas

O turismo de masas experimentou un gran crecemento nas últimas décadas, o que provocou importantes repercusións económicas, sociais, demográficas e ambientais nas áreas de destino. Por este motivo, os gobernos e as institucións desenvolveron políticas turísticas específicas.

- ✓ **Efectos económicos:** o turismo xera emprego directo (hoteis, axencias de viaxes, transporte, restauración) e indirecto (construción, agricultura, comercio). É unha importante fonte de ingresos para moitos países e contribúe ao desenvolvemento de infraestruturas e servizos.

Sen embargo, tamén pode provocar precariedade laboral, xa que moitos empregos son estacionais, así como a subida dos prezos e a especulación do solo.

- ✓ **Efectos demográficos e sociais:** o turismo pode deter a emigración en zonas rurais ou de montaña e atraer poboación cara ás áreas turísticas, favorecendo o crecemento urbano. Con todo, a chegada masiva de visitantes pode saturar os servizos públicos e modificar a estrutura social.

Desde o punto de vista cultural, o turismo favorece o intercambio entre pobos e o coñecemento doutros costumes, pero tamén pode provocar a perda de identidade e a transformación das tradicións locais.

- ✓ **Efectos ambientais:** o turismo contribuíu á rehabilitación de centros históricos e á creación de espazos naturais protexidos.

Non obstante, malia estas vetaxas, as infraestruturas turísticas (portos deportivos, hoteles, apartamentos, estradas) poden alterar a paisaxe. Ademais, o turismo masivo xera contaminación, grandes cantidades de residuos e sobreexplota recursos naturais, como a auga ou o solo.

- ✓ **As novas políticas turísticas:** na actualidade, as políticas turísticas pretenden potenciar os efectos positivos e reducir os impactos negativos. Por iso, foméntase o **turismo sostible**,

que combina o desenvolvemento económico coa protección do medio ambiente e do patrimonio cultural, e promóvese a **diversificación** das modalidades turísticas e a **desestacionalización** da demanda.

5. O comercio

O **comercio** é a actividade económica dedicada á **compra e venda de bens e produtos**. Constitúe un dos piares do sector terciario e desempeña un papel fundamental na organización do territorio, xa que inflúe na localización das cidades, nas redes de transporte e nos fluxos económicos.

5.1. Elementos do comercio

✓ Oferta e demanda:

- **Oferta:** é a cantidade de bens ou servizos que os produtores e comerciantes están dispostos a vender nun determinado momento e a un determinado prezo. A oferta depende de factores como os custos de produción, a tecnoloxía, a dispoñibilidade de materias primas ou as políticas económicas.
- **Demanda:** é a cantidade de bens ou servizos que os consumidores están dispostos a comprar a un determinado prezo. A demanda depende dos ingresos das familias, dos gustos dos consumidores, dos prezos doutros produtos e da publicidade.
- **Prezo:** o valor dun determinado produto adoita establecerse polo equilibrio entre oferta e demanda; cando a demanda é maior ca oferta, os prezos tenden a subir, mentres que cando a oferta é maior ca demanda, os prezos tenden a baixar.

- ✓ **Mercadorías, bens ou servizos:** no comercio pódense intercambiar bens ou mercadorías (que son produtos materiais como alimentos, roupa, libros, vehículos...) ou servizos (que son actividades que teñen por obxectivo satisfacer as necesidades humanas, como transporte, educación, sanidade, turismo, banca...).
- ✓ **Pagamento:** é a compensación que o comprador fai ao vendedor. Pode realizarse con diñeiro en efectivo, tarxeta bancaria, transferencias e pagamentos electrónicos ou por medio do comercio electrónico (internet).

- ✓ **Mercado:** é o espazo (físico ou virtual) onde se encontran a oferta e a demanda e se realizan as transaccións. Os mercados poden ser locais, nacionais, internacionais e virtuais, e están influídos polas normas, impostos e pola competencia entre empresas.

5.2. Clasificación das actividades comerciais

- ✓ **Segundo o ámbito xeográfico:**

- **Comercio interior:** é o intercambio de bens **dentro dun mesmo país**. Inclúe tanto o comercio maiorista (entre empresas, como almacéns e distribuidores) como o comercio minorista (entre empresas e consumidores).

O comercio interior depende da distribución da poboación, do nivel de renda, dos hábitos de consumo e do desenvolvemento das infraestruturas de transporte. Nas cidades concéntranse grandes superficies comerciais, centros comerciais e tendas especializadas, mentres que nas áreas rurais predomina o pequeno comercio de proximidade, fundamental para a poboación local.

- **Comercio exterior:** refírese ás **transaccións entre diferentes países** e inclúe as exportacións (venta de produtos a outros países) e as importacións (compra de produtos do estranxeiro).

Este tipo de comercio depende da especialización produtiva de cada país, dos acordos comerciais internacionais, das tarifas aduaneiras e da globalización económica. Os portos, aeroportos e plataformas lóxicas son clave para facilitar o comercio exterior.

- ✓ **Segundo a canle de venda:**

- **Comercio tradicional:** é o que ten lugar en pequenas tendas físicas especializadas (froiterías, ferreterías, zapaterías...).

- **Comercio en grandes superficies:** realízase en lugares como supermercados, hipermercados ou centros comerciais.

- **Comercio internacional a gran escala:** é o que se realiza entre distintos países, con grandes volúmenes de mercadorías e un uso intensivo da tecnoloxía.

- **Comercio electrónico:** realízase a través de internet, en diversas plataformas dixitais; está a medrar rapidamente e permite comprar e vender produtos a nivel mundial.

5.3. Os efectos das actividades comerciais

O comercio é unha actividade **esencial para a economía**, xa que permite distribuír os produtos desde os lugares de produción ata os consumidores. Ademais, xera emprego, favorece a competencia entre empresas, impulsa o desenvolvemento económico dos distintos países e rexións e contribúe á integración dos territorios nos mercados rexionais e mundiais.

Sen embargo, o comercio tamén implica unha serie de problemas, como a competencia desleal, a dependencia do exterior, a desigualdade entre países desenvolvidos e subdesenvolvidos e o impacto ambiental do transporte e da produción masiva de bens. As dinámicas comerciais actuais, ademais, tamén presentan retos que é necesario abordar, como a desaparición do pequeno comercio ou o forte impacto ambiental do transporte mercadorías.

6. Outros servizos importantes

Ademais do transporte, o turismo e o comercio, o sector terciario inclúe unha gran variedade de servizos que son esenciais para o funcionamento da sociedade e da economía:

- ✓ **As comunicacións e as tecnoloxías da información**: inclúen o correo, a telefonía, internet e os medios de comunicación. Estes servizos facilitan o intercambio de información e son básicos na sociedade dixital actual, na que as empresas e as persoas dependen cada vez máis da conectividade.
- ✓ **Os servizos financeiros**: comprenden bancos, aseguradoras e outras institucións que xestionan o aforro, os créditos e os pagamentos. Son fundamentais para o funcionamento das empresas, para o investimento e para a economía das familias.
- ✓ **Os servizos públicos**: son aqueles prestados polo Estado e as administracións públicas, como a educación, a sanidade, a seguridade, a xustiza ou a administración. O seu obxectivo é garantir o benestar da poboación e a igualdade de oportunidades.
- ✓ **Os servizos culturais e de lecer**: inclúen museos, bibliotecas, espectáculos, deportes e outras actividades relacionadas co tempo libre, que teñen unha crecente importancia económica e social.
- ✓ Nos últimos anos tamén destacan os **servizos ás empresas** (consultoría, publicidade, investigación, deseño) e a **economía dixital** (que inclúe plataformas en liña, comercio electrónico e servizos baseados en datos).